



Bieito XVI: o destino do Papa profesor

Andrés Torres Queiruga

Hai frases que poden marcar ou polo menos definir un destino. «Penso que, xa que Deus fixo papa a un profesor, quería que precisamente este aspecto da reflexión, e en especial a loita pola unidade de fe e razón, pasasen ao primeiro plano». Son palabras pronunciadas por Bieito XVI en 2010, no libro de entrevistas *A luz do mundo*. Chegara ao pontificado, despois de pasar moitos anos como Prefecto da Congregación para a Doutrina da Fe e sendo claramente a cabeza teolóxica de Xoán Paulo II, o Papa máis «político», con quen durante uns trinta anos promovera, sen concesións, un esixente reagrupamento doutrinal da Igrexa. A redacción do *Catecismo da Igrexa Católica*, coidadosamente supervisada por el, foi o ideario que, declarado de autoridade pontificia, pretendeu impoñer como norma e criterio para a catequese e mesmo para a teoloxía.

De feito, o prestixio de profesor alemán, xunto cunha rica traxectoria de publicacións teolóxicas, lograron introducir no ambiente un sentido de dignidade cultural para o anuncio da fe cristiá. Respondía así a unha necesidade global de actualización, que o Concilio Vaticano II recoñecera e proclamara solemnemente. Era urxente, tras a severa crise da Ilustración, que puxo en crise o papel destacado co que o cristianismo marcara a cultura occidental durante un milenio e medio e desde entón, en boa medida, tamén a do mundo.

El, non só por formación, senón por participar persoalmente no Concilio, parecía ben preparado para emprender a alta tarefa. E decidiu afrontala, continuando, con outro estilo pero coa mesma actitude de certo mesianismo salvador, o camiño xa emprendido

xunto ao anterior Papa, Xoán Paulo II. Pero sucede que, a estas alturas, todo parece confirmar o que gran parte dos teólogos denunciaron desde o principio. O Concilio abriu as portas a unha revolución evanxélica, e o que estes dous Papas pretendían impoñer era unha renovación de compromiso, con arranxos de forma e acomodación de estilo. Ao final, non facían máis que apontoar o mesmo vello edificio. Procedeuse a través dunha hermenéutica restauradora da mensaxe conciliar, co fortalecemento da autoridade central.

Se Xoán Paulo II insistiu sobre todo na disciplina dun gobernante forte e experimentado, Bieito XVI centrouse na teoloxía. Publicou, seguindo tamén o estilo do anterior, algúns documentos excelentes, como *Deus caritas est* (Deus é amor), *Spe salvi* (Salvos pola esperanza) e *Caritas in veritate* (A caridade na verdade), que foron luminosos e esperanzadores, en canto se centraban no anuncio central da fe, evitando os temas colaterais e discutibles.

Pero, en canto aos esforzos relacionados cunha actualización teolóxica substantiva, traizoouno a súa interpretación do servizo papal, considerándose a si mesmo como un «papa profesor»: pensou que a súa autoridade pastoral como anunciador da fe e animador de vida nun sentido evanxélico, investíao tamén co poder de controlar o «servizo teolóxico». Converteu a súa teoloxía en modelo da teoloxía. En consecuencia, proseguiu, reforzando coa nova autoridade papal, o control autoritario que exercera como prefecto da doutrina da fe. As censuras, os procedementos e as exclusións do que soaba a renovación fundamental multiplicáronse, impoñendo no ensino máis ou menos oficial os textos dos representantes da restauración teolóxica. Simplificando: Hans Urs von Balthasar contra Karl Rahner.

Respecto do segundo, chegou a dicir: «Traballando con el, deime conta de que Rahner e eu, a pesar de estar de acordo en moitos puntos e en múltiples aspiracións, viviamos desde o punto de vista teolóxico en dous planetas diferentes». Xusto aí e tamén simplificando, aparece un síntoma que, permítaseme a opinión, é todo un diagnóstico: o teólogo Ratzinger está moi lonxe da creatividade

e profundidade do teólogo Rahner. Non soubo recoñecer, coma este, a necesidade dun «cambio estrutural da Igrexa» nin dunha superación radical do paradigma escolástico, abrindo para a teoloxía e para a Igrexa un futuro que golpea cos puños as portas da humanidade. Da humanidade relixiosa, que necesita que entren de novo os aires frescos do Evanxeo. E da humanidade secular, á que non lle sobra escoitar o ofrecemento de luz e esperanza que hai dous mil anos acendeu Xesús de Nazaret.

Non é casualidade que peche aquí estas reflexións con esta evocación. Pois confeso que sempre xulguei como a perda dunha grande oportunidade o feito de que o desenfoque no diagnóstico impedise a Bieito XVI aproveitar as súas excelentes calidades de síntese precisa e exposición esclarecedora que sobre este tema central lle ofrecía a ampla difusión do seu libro sobre o Nazareno. Ao non ter en conta os avances dos estudos bíblicos, a proclamación conciliar da autonomía do mundo e o novo diálogo entre as relixións, non logrou presentar ao mundo unha visión actualizada e verdadeiramente crible da súa figura. A figura entrañablemente humana, de un como nós, que, anunciando que a palabra que Deus é amor infinito e perdón incondicional, e que, exercendo unha conduta fraterna, comprometida e liberadora de todos os humillados e ofendidos, permanece aí como un faro aberto, que, hoxe coma nos inicios, segue enviando sinais cos que moitas persoas no mundo sintonizan intimamente, atopando nelas sentido e salvación.

Andrés Torres Queiruga